

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE ACADEMIA ENTER E A FEDERACIÓN DE SERVIZOS A CIDADANÍA DE CCOO DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, a 12 de abril de 2016

Reunidos

Dunha parte, a Federación de Servizos a Cidadanía de CCOO de Galicia CIF:G15103112, C/ Ferro Caaveiro, 8 - 15707 – Santiago (en adiante FSC-CC.OO. Galicia), representada por José Cazón Lamas, con DNI 33.333.968E, como secretario de Formación e Emprego da Federación de Servizos á Cidadanía de CCOO de Galicia,

Da outra, Enter SC, CIF: J70413737, Rúa Perú, 30-32 Entlo. Local II B – 15100 - Carballo, representada por Vanesa Souto de la Fuente, con DNI 46903897C, en calidade de Xerente de Enter SC



Asinan o seguinte acordo de colaboración entre ambas entidades en base as seguintes

CLÁUSULAS

1. O ámbito do presente convenio afecta aos afiliados á Federación de Servizos á cidadanía de CCOO de Galicia.
2. As condicións do presente convenio de colaboración serán de aplicación ás clases preparatorias tanto presenciais como de teleformación, da Academia Enter para a preparación de acceso ás probas obxecto da Oferta de Emprego Público da Consellería de Medio Rural e a Consellería de Benestar do ano 2015
3. As clases presenciais e a plataforma de teleformación serán impartidas e xestionadas pola Academia Enter
4. Academia Enter comprométese a aplicar un desconto á afiliación da FSC-CC.OO. Galicia que asistan as clases preparatorias a que se refiren o punto 2 consistente na aplicación dun prezo fixo de 55 euros/mes tanto para as clases presenciais como de teleformación no caso das categorías de SPDCIF e de 72 euros/mes no caso das



- oposicións ca consellería de Benestar, respecto do prezo ordinario das clases para os non afiliados a CCOO
5. As clases lectivas ordinarias consistirán en unha clase semanal de 3 horas, así mesmo os asistentes as clases presenciais terán acceso gratuíto á plataforma de teleformación que a Academia Enter terá respecto das probas de acceso referidas no punto 2
 6. Por acordo entre as partes, naqueles concellos en que FSC-CCOO Galicia detecte un número de 15 ou máis interesados na preparación a través de clases presenciais das convocatorias a que se refire o punto 2, poderase xestionar entre os asinantes do presente convenio a organización de un grupo presencial ou varios nesa localidade
 7. O desconto será aplicable a partir da sinatura do presente convenio e durante a vixencia do mesmo, a solicitude do interesado. Non será acumulable a outros posibles descontos salvo que así se especifique.
 8. Para ter dereito ao desconto do presente convenio, os traballadores ou desempregados que se matriculen en calquera das clases preparatorias do punto 2 deberán acreditar a súa condición de afiliado á Federación de Servizos á Cidadanía de CCOO de Galicia, mediante un certificado que deberá expedir, a nome de cada traballador ou desempregado, a FSC-CCOO de Galicia. Non se aplicará o desconto ás persoas que non acrediten a condición de afiliado. FSC-CCOO Galicia comprométese a comunicar a Academia Enter da baixa no sindicato das persoas matriculadas nas clases, e suporá o remate do desconto pactado neste convenio e o pase ó custo da mensualidade normal da Academia Enter
 9. Este convenio entrará en vigor o 1 de abril de 2016 e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016. Poderá ser prorrogado polo período que se estableza mediante acordo expreso entre as partes asinantes.



Comisións obreiras
FSC-CC.OO.
Jose Cazón Lamas



ENTER SC
Vanesa Souto de la Fuente